




O pasado 17 de maio, as rúas de Compostela foron unha vez máis o testemuño dun fito histórico: miles de persoas –50.000 segundo os organizadores e “máis de 20.000” segundo a Policía Nacional– mobilízaronse a pesar da chuvia e do frío para protestaren contra a política lingüística do actual presidente, Alberto Núñez Feijóo, decidido a rebaixar a protección legal do idioma propio do país. A afluencia superou calquera previsión e serviu para que moitos visen nela un rexurdir das accións sociais que, noutro tempo, se articularon contra a xestión da marea negra

O movemento do corazón

do *Prestige*, no 2002. Trataríase dunha toma de conciencia espontánea por parte da poboación ante unha emerxencia, entón motivada por unha grave catástrofe ecolóxica e agora por unha involución legal que arrostrará ao seu paso os avances do galego como lingua oficial e eficaz tras séculos de postración ante a lingua de Castela. Este monográfico é a crónica dunha cala entre algúns dos axentes culturais do país, escritores, filósofos, políticos, sociólogos ou xornalistas que desvelan para os lectores as claves dun movemento simbolizado polo corazón: o corazón que move a sociedade, o que move a identidade, o que move a lingua.

Eu



en

galego



osen 50.000, 40.000 ou “máis de 20.000” –como cifrou a Policía Nacional– o certo é que a manifestación do domingo 17 de maio en Compostela, convocada pola Mesa para rexeitar a política lingüística da Xunta, rompeu todas as previsións e converteuse na máis multitudinaria mobilización do país en defensa do seu idioma propio. Até dúas veces tivo que desaloxarse a Praza da Quintana –onde remataba a manifestación– para que todos os asistentes puidesen oír o manifesto, nunha imaxe que a moitos lles lembrou a protesta pola xestión da marea negra do *Prestige* no 2002. Agora, a resposta non foi tan irada pero evidencia un malestar significativo pola reapertura de conflitos que semellaban esgotados, como o caso do ensino en galego, a cuestión toponímica ou o dereito a ampliar a cobertura legal da lingua. Dese xeito, a tradicional manifestación que cada 17 de maio convocaba a Mesa –máis propicia ao testemuñal e ao festivo– transformouse este ano nunha reivindicación sen parangón na historia da democracia, un aviso ao presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, de que a maioría absoluta no Parlamento non lle outorga ao seu goberno unha fortaleza indiscutible, nin lle dá a estabilidade nas rúas, nin lle garante esgotar a lexislatura.

Ao cabo, o que lle veu dicir a multitude ao presidente é que el está no poder non só polos votos dos seus partidarios senón tamén porque numerosos seareiros da esquerda quedaron o 1 de Marzo na casa –o voto nulo ou en branco supuxo ademais unhas 43.000 papeletas– en desacordo

coa acción política do BNG no goberno. E son votos, en calquera caso, que están dispostos a volver ás urnas se Feijóo prosegue a súa contrarreforma en ámbitos tan sensibles como a identidade, o idioma ou a ecoloxía, o cal significa –dada a escasa marxe do seu triunfo, como lle pasou ao bipartito– o seu derrocamento. Trátase dunha multitude que suxire, en fin, que moitos quedaron na casa o 1 de marzo porque daban por suposto o triunfo de socialistas e BNG e á que, nestes momentos, a case cen días das pasadas eleccións, lle entraron arrepiños pola virulencia dos tinguiduras de nacionalismo español que está a tomar o goberno do PP.

Durante os 16 anos da era de Fraga e os tres anos e pico do lapsus progresista, a política lingüística da Xunta provocou malestar en certos sectores, pero nunca protestas masivas nin actos de máxima representación social. Iso a pesar de que nin o 50 % dos centros de ensino cumprían a lexislación no uso do galego, algo que provocou reprimendas da Mesa ou doutros colectivos menores. Pouco máis. Na última etapa do bipartito, porén, o escenario cambiou radicalmente, e non pola presión galeguista –invariable nas súa táctica– senón pola aparición dunha corrente nacionalista española que saíu en defensa do castelán nas comunidades con lingua cooficial, alentada polos partidos da periferia española –Unión, Progreso y Democracia ou Ciudadanos– para darse maior presenza pública. Sobre esa sementeira, e aproveitando o malestar dunha certa base social enquistada nos principios

Segregación, a palabra clave

Por primeira vez esta semana, soou en Galicia como posibilidade –real e factible– a segregación escolar segundo o idioma que os pais elixan para o ensino dos seus fillos. A proposta contradí a actual lexislación pero iso non parece un impedimento, como quedou demostrado coa Lei da toponimia, coa Lei da función pública ou co Plan de normalización lingüística, cualificado polo conselleiro de Educación, Jesús Vázquez, de “documento de traballo” sen “obriga legal”. Vázquez foi, xunto ao seu secretario xeral de Política Lingüística, Anxo Lorenzo, o que se encargou de poñer sobre a mesa a

“segregación”, un sistema que en principio desaconsellaba o presidente Núñez Feijóo por demasiado custoso. Porén, esa segregación é a que reclama Galicia Bilingüe, cuxa presidenta, Gloria Lago, chegou a acusar de alarmistas aos que se opoñen, pois –segundo as súas palabras– “tamén se segregan os alumnos por apelidos e non pasa nada”. As asociacións de pais dos centros públicos, os sindicatos do ensino ou os partidos políticos xa amosaron o seu rexeitamento, mentres as asociacións vinculadas ao centros privados preferiron gardar silencio, “de momento”.



identitarios da nación única española, o Partido Popular (PP) comezou a aboar o terreo con fertilizantes de crecemento rápido. O PP comezou escenificando o seu desacordo polo Decreto do galego no ensino, produto directo do Plan de normalización que o propio PP articulou nos últimos meses da era fraguiana. O descaordo permitiulle romper o consenso previo e, nunha estratexia de grandes beneficios ao longo da pasada legislatura, acusou a socialistas e BNG de seren eles os responsables da desfeita.

Simultaneamente, e a un ano das eleccións autonómicas, tomou corpo unha organización –Galicia Bilingüe– que presumía de reivindicar o bilingüismo e que, na práctica, defendía –apoiada no marco legal dunha Constitución que obriga a coñecer o castelán pero non as linguas cooficiais– a preeminencia do castelán como único idioma con deberes e dereitos. A acción de Galicia Bilingüe, que Núñez Feijóo apoiou nalgunhas protestas, culminou na semana previa ao inicio da campaña electoral cunha manifestación contra o bipartito que contou co apoio de destacados membros do PP e un estudado desprazamento até Santiago

de numerosos efectivos doutras comunidades do estado. En total, arredor de 5.000 persoas que, ademais, obtiveron propaganda extra dun pequeno sector de nacionalistas galegos empeñados en rebentarlles a festa e duramente reprimidos polas forzas policiais.

Galicia Bilingüe –que ten entre os seus xestores personalidades ligadas ás FAES de José María Aznar– atribuíuse o éxito electoral de Núñez Feijóo e a súa presidenta, Gloria Lago, fachendeou de ser a portavoz de “miles de persoas” descontentas coa “imposición” do galego por parte do bipartito. Feijoo, en certo, tamén debeu entendelo así porque as dúas primeiras medidas do seu goberno –segundo anunciou tras o triunfo do 1-M– serían derrogar o decreto do galego e suspender as galescolas, esas garderías de preescolar con ensino en galego que Galicia Bilingüe rexeitaba radicalmente.

Para o profesor **Raimundo Viejo**, doutor en Ciencia Política e especialista en movementos sociais, a manifestación do 17-M foi unha resposta a Galicia Bilingüe, contramovemento xurdido en oposición ao movemento normalizador.

O Plan de normalización

O Plan de normalización lingüística, aprobado por unanimidade no Parlamento galego durante os últimos anos do derradeiro goberno de Manuel Fraga e exhibido como o froito do consenso, parece ser o próximo obxectivo do conselleiro de Educación, Jesús Vázquez, que o cualifica de irrelevante legalmente. Será un novo banzo na reformulación da Política Lingüística do presidente Núñez Feijóo, que comezou co anuncio de derrogar o Decreto que garantía o uso do galego no ensino e seguiu coa eliminación das galescolas, proxecto do bipartito destinado a cubrir o preescolar para os galegofalantes.

A cuestión toponímica

Cando a guerra da toponimia parecía definitivamente concluída e só alentada pola agrupación do Partido Popular (PP) na Coruña, o superdelegado da Xunta nesa cidade, Diego Calvo, volveu reabrir o conflito anunciando que o Goberno de Feijóo abriría a posibilidade de oficializar o nome en castelán da Coruña. Posteriormente, Feijóo deixou a decisión no terreo do alcalde herculino, Javier Losada, que non dubidou en contestar cun pouco de historia: lembroulle que a el o denunciara un goberno do que Feijóo era vicepresidente, precisamente por defender o topónimo en castelán.

“Non vou moito ás manifestacións, pero neste caso sentín que había necesidade de ir. Foi unha manifestación da xente, de todo o mundo, aínda que tivese tamén a súa carga política. Unha mobilización moi alegre, na que se reviviu a emoción do Nunca Máis. Despois dese debate enrarecido, escuro, desa politización do idioma, demostrouse que o galego é idioma vivo, que une, unha lingua da xente, non dos políticos”. Así expresa a escritora e xornalista **Lupe Gómez** o seu sentir sobre a vivencia da protesta do domingo pasado. Unha experiencia que deixou un fondo pouso emocional nos participantes que favorece as comparacións co Nunca Máis.

“Foi unha manifestación absolutamente histórica, a máis grande que se viu en Santiago desde o *Prestige*. O sentimento de solidariedade, irmandamento, que nela se podía palpar, lembra ao do *Prestige*. Foi vivísima, e creo que froito dun estado de ánimo colectivo, dun sentimento que reflicte unha conciencia: a de que o galego é algo noso, parte do noso xeito de ser e vivir”, opina o filósofo e profesor **Herminio Barreiro**. O escritor **Suso de Toro** achega unha interpretación semellante, ao salientar que “hai moita máis conciencia da lingua na sociedade da que cren os políticos. Moitas das persoas que participaron na manifestación non estaban decantadas partidariamente, senón que son cidadáns enfadados ante o intento de desandar a autonomía, de retroceder na política de normalización lingüística. A convocatoria veu da Mesa, do mundo do nacionalismo, sen, por exemplo, o PSOE. A pesar diso, demostrouse a vitalidade da sociedade, a conciencia militante que os políticos tenden a infravalorar”.

A conciencia social é tamén para o escritor e cineasta **Antón Dobao** a chave para entender a resposta social que obtivo a convocatoria. “A manifestación é unha demostración de que en Galicia hai unha maioría social que está identificada coa súa lingua. Historicamente, sempre houbo un pequeno sector da sociedade que tivo reaccións viscerais ante calquera avance do galego, e un sector moito máis importante que é belixerantemente activo na defensa da normalización. No medio está un corpo social cun posicionamento menos definido, pero que non está en contra da súa lingua”, sostivo.

O aliñamento do PP coas teses da “imposición” de Galicia Bilingüe e o anuncio de medidas que farían retroceder o cativo camiño andado na normalización serviron para aguillar a mobilización. “A manifestación foi unha resposta contundente da sociedade ante a actitude do goberno do PP, que ademais vai ter o efecto de revitalizar o movemento normalizador. A xente non está disposta a renunciar aos seus dereitos”, cre o poeta **Rafa Villar**.



Tal como comezou

O galeguista histórico **Avelino Pousa Antelo** amosouse ben contundente na súa valoración da manifestación. “A concorrencia foi insólita porque por fin a xente reaccionou ante as babecadas do actual presidente. Porque non se pode permitir que un politicastro ataque algo tan sagrado como é a lingua, e aínda por enriba vaia de gran salvador. A lea comezou coa súa vinculación con Galicia Bilingüe, que foi un xeito de insultar a Galicia enteira”, asegurou. Non moito menos tallante se amosou o secretario nacional de CIG-Ensino, **Anxo Louzao**, que pensa que “o pobo galego reaccionou porque

non está disposto a aceptar unha política lingüística involucionista, como a do actual goberno, que pretende o exterminio do idioma, que pase a ser unha lingua aínda máis marxinal e desfavorecida”. O presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, **Cesáreo Sánchez**, apuntou ao mesmo ao sinalar a “capacidade de indignación da xente, cando se tocan elementos que son fulcrais da nosa identidade como pobo. Antes foi a mobilización contra as nucleares, a celulosa, a xestión do desastre do ‘Prestige’... A nosa xente sempre estivo á altura das circunstancias, na historia. E sería unha falta de análise tomalo como algo partidario: é algo máis profundo, con raíz na sociedade”.

A interpretación de Cesáreo Sánchez é contraria á do colectivo **Galicia Bilingüe**, cuxa análise se reduce a denunciar que a manifestación “estivo auspiciada polo BNG”, e que foi un “lamentable e patético intento de responder ao que os galegos dixeron nas urnas”. As declaracións de **Alberto Núñez Feijoo** apuntaron ao mesmo lugar. O presidente da Xunta insistiu en que “se hai un partido político e outras organizacións afíns que queren manifestarse, só podemos expresar o noso absoluto respecto. Defender o galego dende a liberdade e promocionar a lingua galega dende o bilingüismo cordial é a posición maioritaria da sociedade” (...).

O portavoz nacional do **BNG**, **Guillermo Vázquez**, replicoulle a Feijoo advertindo de que a manifestación do 17 de maio foi unha mostra de que “gran parte da sociedade quere vivir en galego e está disposta a facer retroceder” as políticas da actual Xunta neste ámbito, e recomendoulle ao PP non apoiar a súa política lingüística “nos sectores máis extremistas do electorado”. O nacionalismo galego tivo, sen dúbida, un protagonismo importante na protesta do domingo pasado. Pero a análise quedaría coxa se se esgota aí. “Na manifestación participou xente do PP, como Rafa Cuíña, ou do PSOE, como Xabier Carro, Mercedes Rosón ou Ceferino Díaz”, lembra **Carlos Callón**, presidente da Mesa pola Normalización Lingüística. Tamén houbo pancartas de organizacións opostas no ideolóxico ao BNG –como a CNT– ou situadas no ámbito do nacionalismo pero moi afastadas deste partido –como boa parte dos colectivos reintegracionistas–.

Durante o goberno bipartito, e malia que os avances na normalización lingüística foron febles, “si houbo mobilizacións importantes”, –segundo recorda Callón– “como a que reuniu a 60.000 estudantes. O clima de fobia contra o galego foi o que favoreceu que a do domingo pasado fose tan multitudinaria”. **Teresa Carro**, coordinadora da Plataforma Galego Sempre Máis, que agrupa aos colectivos reintegracionistas que participaron na manifestación, conflúe con Callón ao remarcar que “o cabreo, a indignación da cidadanía” foi o cerne da mobilización social, se ben introduce outro elemento na análise: “nomeadamente a mocidade non estaba conforme cos espazos que había de acceso á cultura. Por iso xurdiron, por exemplo, os locais sociais autoxestionados. No fraguismo os movementos sociais estiveron vivos: co *Prestige* foi clave a indignación, como agora. Durante os anos do bipartito, os movementos sociais próximos ao BNG ‘relaxáronse’, e seguiron faltando espazos para a cultura alternativa. É a forza que hai na sociedade galega, o que está

detrás da actual revitalización...”. O Nunca Máis, o Foro Social Galego, a rede Galicia non se Vende... son exemplos da capacidade de reacción da sociedade. O secretario executivo de Adegas, **Fins Eirexas**, salienta que “os movementos sociais van adquirindo un crecente protagonismo, debido á perda de confianza no sistema actual: o capitalismo neoliberal, as estruturas e partidos políticos tradicionais... O Nunca Máis supuxo o punto de partida da toma de conciencia de que temos que facer que as cousas avancen sen a intermediación dos políticos”.

Para o sociólogo e profesor na Universidade Complutense de Madrid **Fermín Bouza**, o miolo hai que procuralo no “momento especial que vivimos. Ata agora, o galego era unha cuestión relativamente secundaria, pero agora quedou claro, á luz dos datos, que o risco de desaparición do idioma é unha realidade que está aquí. E todos somos culpables. Por iso, calquera mobilización arredor da lingua vai ter moita participación. Tamén, se callar, mesmo na parte dereita do espectro político, se asumiu a idea de que as políticas que se están a artellar non van defender a lingua, pois están pensadas para ser politicamente correctas, pero non son cientificamente válidas”.

O escritor **Manuel Forcadela** sinala tamén á conxuntura histórica. “A cuestión é que se produciu unha constatación por parte das clases medias ilustradas da competencia da súa lingua propia: pódese levar a cabo unha formación completa na Universidade, o galego séntese como irmán do portugués...; houbo unha afirmación da lingua galega que alarmou as clases medias non tan ilustradas, e non tan medias: sectores máis poderosos desde o punto de vista económico, e vinculados co españolismo político. O fraguismo, ao deixar, simplemente, que o galego fose esmorecendo, mantivo velado este tirapuxa de forzas contrapostas. E Feijóo, para gañar as eleccións, aproveitouse cinicamente desa alarma das clases medias non tan ilustradas, inicialmente destinadas a apoiar a Rosa Díez. Agora, a tensión terá que resolverse, ou por medio de novas eleccións: –se Feijóo segue adiante co seu proxecto pode atoparse cun movemento social semellante ao Nunca Mais, con todas as súas consecuencias políticas–, ou recuando. E dar marcha atrás significará mudar os equilibrios internos, darlle máis peso ao sector galeguista do PP. Hoxe, o galego xa non é tanto a lingua das clases populares, nin o castelán a das privilexiadas, e a *intelligentsia* está do lado do galeguismo. Ademais, a lingua é un trazo simbólico moi poderoso, cun peso político, que non se pode borrar sen máis”.

O risco do españolismo

Raimundo Viejo lembra que “Feijoo ou Rajoy representan o sector do PP máis españolista e agresivo coa lingua do PP, fronte ao galeguismo fraguiano. A manifestación do 17 de maio é a resposta ao contramovemento que é Galicia Bilingüe, colectivo xurdido como contramovemento ao movemento de defensa da lingua e a cultura. E este xogo de movementos e contramovementos é unha característica das sociedades actuais. Outro aspecto é a estrutura de oportunidades políticas, no marco do cambio de goberno: non é só a mobilización promovida pola Mesa a toda a rede social. O feito de que

institucións da cultura, como a RAG, expresaran a súa discrepancia co goberno, contribúe a rebaixar os custos da participación na acción colectiva. Ademais, está un BNG en crise que vai tentar recuperar o pulso dos movementos sociais. No PSdeG, o tema da lingua provoca tensións entre vazquistas e galeguistas. Nin ao PSOE nin ao PP lles convén virar moito cara ao españolismo, pois afastaríanse do centro da opinión pública galega, perdendo votos en favor do BNG. O centro político en Galicia é máis conservador que a media do Estado, e máis galeguista: non somos tan nacionalistas como en Cataluña ou no País Vasco, nin puramente rexionalistas. O sentimento diferencial é forte”.

